

Na Mesa Sectorial na que se ía debater o Decreto Galego de FP finalmente só se abordaron as Instrucións sobre a ordenación e organización dos Graos D e E de formación profesional para o curso 25/26, das que se derivará unha redución do profesorado se non se recuperan as 18 horas.

Máis módulos, máis alumnado por docente e máis carga de traballo. Así é a FP do curso que vén

A entrada en vigor en 25/26 da reforma de FP no segundo curso dos ciclos ordinarios e en toda a oferta modular vai significar que o profesorado destas ensinanzas teña que impartir moitos máis módulos, ao reducirse a carga horaria dos xa existentes, polo tanto terá un maior número de grupos e de alumnado que atender, así como novas tarefas engadidas, ao sumarse a busca e selección das empresas e o seguimento da formación nas mesmas e a titorización e avaliación dos módulos de *Proxecto intermodular*.

A redución da carga horaria, que será máis evidente nos CIFPs pola maior duración das sesións, levará a un escenario totalmente novo para o colectivo docente de FP que terá que impartir 5 ou 6 módulos diferentes e que, no caso do profesorado de FOL e de Inglés poderá chegar até os 9-10 grupos. A reordenación dos currículos supón a redución de 1 hora para IPE II con respecto a EIE e doutras 3 aos módulos profesionais para meter os novos módulos:

- ***Dixitalización aplicada ao sistema produtivo.*** 30 horas en total, 1 semanal.
- ***Habilidades comunicativas en lingua estranxeira.*** 60 horas en total, 2 semanais.
- ***Afondamento en competencias profesionais.*** 30 horas en total, 1 semanal.

As instrucións máis incompletas no curso máis decisivo

Sobre o texto das instrucións de ordenación e organización dos Graos D e E para o vindeiro curso que se debateron na Mesa Sectorial, a CIG-Ensino critica a pouca concreción en moitas das cuestións que lle preocupan ao profesorado, a respecto da falta de atribución horaria para as titorías do *Proxecto intermodular*, así como para a xestión das 400 e 500 horas obrigatorias de



formación na empresa que terán os CB, por un lado, e os CM e CS por outro, a improvisación sobre o módulo optativo ***Afondamento nas competencias profesionais***, do que se desprende que cada departamento terá que facer o currículo durante o verán, e unha aposta desmesurada polo inglés, que leva a que se potencie este idioma moi por riba do que o fan o resto de comunidades, incorporando tamén en segundo 60 horas de optatividade no módulo ***Habilidades comunicativas en linguas estranxeiras***.

No texto non hai ningunha referencia á FP básica nin ás formacións aceleradas, malia ser as apostas estrela da Consellaría para o vindeiro curso. Non se indica ningún cambio nos currículos de segundo dos Ciclos Básicos nin como se vai artellar a docencia, titoría e xestión da formación na empresa destas novas formacións modulares, respectivamente.

A CIG-Ensino critica que as organizacións sindicais que representan o profesorado sexan as últimas en ter coñecemento destas instrucións e insiste na falta de diálogo da Dirección Xeral de FP.

Principais novidades das Instrucións e achegas da CIG-Ensino ao texto

Preámbulo.

Á CIG parécelle prudente que sexa o equipo docente o que decida se o alumnado pode ou non pode ir á empresa e que non sexa obrigatorio facer esta formación en primeiro curso pero demanda que os plans formativos teñen que ser reais para non contribuír a estar continuamente mentindo sobre o papel.

Confírmase que se incorporan dous módulos optativos (**Habilidades comunicativas en lingua estranxeira** e **Afondamento nas competencias profesionais**) en lugar de un só formado por dúas unidades formativas como anunciaran nun primeiro momento.

Puntos quinto e oitavo. Currículos e módulo PROFESIONAL de inglés profesional.

A DX de FP prometeu materiais actualizados sobre os novos módulos, nomeadamente vocabulario científico-técnico para o módulo de Inglés Profesional específico para cada familia. Volven incorporar esa intención no art. 8 das instrucións pero non hai nada en firme. No Banco de Recursos de FP o único que hai son materiais elaborados polo Ministerio en español, como todos os recursos da FP a distancia.

▼ U.T. 2. Técnico Básico en Prevención de Riesgos Laborales.

En esta **Unidad de Trabajo 2 de "Técnico básico en PRL"**, exploraremos la **importancia** de establecer una **sólida cultura preventiva** en el entorno laboral y el **marco normativo** en **prevención de riesgos laborales**. Destacaremos los **derechos y deberes** de **empresas y trabajadores** en materia de **prevención**. También trataremos la **clasificación de daños profesionales**, incluyendo **accidentes y enfermedades laborales**. Abordaremos las **medidas de prevención y protección** esenciales, así como el desarrollo de **planes de autoprotección y de emergencias**. Además, discutiremos el **contenido mínimo del botiquín de primeros auxilios** y los **protocolos de actuación** en caso de **emergencia**. Finalmente, veremos cómo elaborar un **plan preventivo integral** para una **empresa**, detallando sus **componentes clave**, **evaluación de riesgos** y **planificación de acciones preventivas**.

Actividades a realizar:

- Visualización de los contenidos de la unidad de trabajo.
- Participar en el Foro de la unidad, respondiendo a las preguntas o realizar una réplica sobre los temas planteados.
- Realizar la Tarea.
- Realizar el Cuestionario: 10 preguntas.

Orientaciones



Orientaciones para el alumnado. IPEI02.

A directora xeral responde que están pendentes de que AMTEGA lles deixe espazo virtual para colgar estes recursos pero non dá datas concretas.

Agora que a Consellaría suprimiu as licenzas por formación retribuídas elimínase o único sistema que había para poder elaborar e acceder a contido técnico na nosa lingua, que xa estaba desaparecida da FP pero coa nova distribución dos módulos non chegará nin ao 33% da docencia que establecía o Decreto de Plurilingüismo con carácter xeral. Ningún dos manuais dos novos módulos, IPE, Sostibilidade e Dixitalización que as editoriais se abalanzaron a fornecer aos centros está en galego, agás unha tradución pero sen adaptación ao noso contexto dun libro de IPE. A política lingüística non só non cesa senón que na FP vai camiño do obxectivo de que o galego teña menor presenza e consideración que unha lingua estranxeira.

A directora xeral comenta que as licenzas por formación non estaban sendo de utilidade e que había que replantexalas. Comprométese a falar do tema coa DX de RRHH da que dependía esta convocatoria e defende que outras accións como as **estadías formativas en empresas funcionan porque "se fan maioritariamente nas empresas nas que hai convenio de Dual intensiva"**.

Ausencia de información sobre a FP básica

Sorprende que este ano nas instrucións non haxa ningunha referencia a como queda o currículo de segundo curso da FP Básica. En ningunha norma está establecido que as 6 sesións do ámbito de Comunicación e Sociedade II de 50 min dos IES cando se trasladan ás 5 nos CIFPs teñan que distribuírse como en primeiro curso: 2 inglés, 1 Lingua, 1 Lingua española e 1 Sociedade. Se se mantén esta estrutura, nos centros integrados estase dedicando o dobre de tempo semanal a inglés que a español e a galego nunha etapa como a FP básica. A CIG-Ensino pregunta aos responsábeis da DX de FP como están a ser as cualificacións finais deste alumnado e cando titulan na ESO con que unidade formativa teñen máis dificultades. Solicita que se manteñan dúas horas semanais de galego-castelán tendo en conta que posibelmente nesta segunda lingua é onde menor dificultade teña o alumnado (datos do IGE da lingua máis usada nesta franxa de idade, maior proporción de alumnado migrante de orixe españolfalante nestas ensinanzas...) Ademais, ao acadar a ESO obtense o Celga 3 que, con esta carga horaria, non permite adquirir o nivel de competencia que se corresponde. **Comprométese a estudalo.**

Punto décimo primeiro. Optatividade.

Neste punto a CIG-Ensino é tremendamente crítica por toda a opacidade coa que se desenvolveron as decisións a respecto do que ía ser un módulo e que agora pasaron a ser dous. Está claro que a Consellaría tivo que darlle moitas voltas para atopar encaixe ao seu obxectivo: meter o inglés dun xeito que pareza menos lesivo que como módulo específico, á vez que se perde a enorme oportunidade que supuña a implantación dun módulo optativo, que permitía actualizar os contidos de moitos currículos xa obsoletos sen necesidade de modificalos, de forma flexíbel e temporal e adaptarse á contorna produtiva de cada centro. Para o profesorado e para a CIG-Ensino a introdución deste módulo podería paliar a perda de horario nos módulos profesionais sempre que efectivamente se substituíra por contidos deste perfil. Galiza é, polo que se puido constatar, a única comunidade que optou por máis Inglés como fórmula case única na optatividade e unha hora semanal, que non chega a nada, “de restos”. Porque, aínda que permiten que sexa o centro o que decida libremente que idioma escoller, na práctica vaise optar por continuar co mesmo que o de primeiro curso e ademais, dado que o maior número de profesorado de linguas estranxeiras existente nos centros é da especialidade de Inglés, simplemente por falta de recursos humanos non poderá ser noutra lingua. Pérdese tamén a oportunidade, xa que esta é a decisión que toman, de afondar no cumprimento da Lei Paz Andrade para incorporar o portugués.

Para a CIG-Ensino as carencias existentes no dominio do inglés por parte do alumnado non se solucionan con 3 horas semanais en primeiro e 2 en segundo durante seis meses para todos os ciclos por igual. Naqueles nos que o inglés é unha ferramenta máis de traballo xa estaba equiparado a un módulo profesional cunha carga horaria de 160 horas. No resto, a proposta do sindicato pasa porque se incorpore como complemento formativo a maiores das 2.000 horas dos ciclos e que así poida coexistir o módulo optativo profesional de 3 horas semanais co de Habilidades comunicativas, aberto tamén á introdución sobre todo do Portugués.

A CIG-Ensino sempre defendeu que onde se ten que reforzar o ensino do inglés é nas ensinanzas obrigatorias, permitindo desdobres, e tamén a través dunha oferta ampla no territorio das EOIs, á que pode acceder o alumnado de CM e CS.

A directora xeral especificou que os centros poden incrementar a duración nun 10% dos ciclos no réxime xeral dual, até as 2.200 horas, e un 40% no intensivo, polo que se podería optar por aumentar o módulo de **Afondamento nas competencias profesionais** ou similar dese xeito.

Sobre o inglés incidiu en que son as empresas as que solicitan ter persoal que domine esta lingua para traballar a nivel internacional e que con estes dous módulos poderán expedirle ao alumnado un certificado anexo ao título de que cursaron inglés. Con todo, recoñeceu que para que sexa considerado Ciclo Plurilingüe teñen que impartirse en inglés dous módulos profesionais, como recolle a normativa.

Problemática na avaliación dos Módulos de Inglés Profesional de 160 horas

Por outro lado, estáselle pedindo ao profesorado que impartiu Inglés profesional (os módulos 156 e 179) de 160 horas ao longo deste curso, que poñan a mesma nota nos módulos **Habilidades comunicativas en lingua estranxeira e Afondamento nas competencias básicas** cando este último non está establecido en ningún documento oficial que desde comezos de curso ía ser inglés. Isto obviamente ten consecuencias á hora de reclamacións de notas, cálculo de nota media, petición de bolsas por parte do alumnado, promoción a segundo curso... O persoal docente non entende o que aconteceu e debe blindarse que quen vai asinar esas actas de avaliación non teña ningunha consecuencia ante reclamacións. Un suspenso nun módulo trasládase a tres suspensos. Tomar estas decisións e comunicalas sen explicación algunha ás direccións dos centros o único que serve é para incrementar a desconfianza do profesorado. Por suposto, que a representación sindical do mesmo non teña constancia deste cambio na avaliación destes ciclos tamén é sangrante. O peor non é o erro en si, que pode acontecer ante un cambio normativo, é a opacidade coa que se actuou.

O subdirector xeral achacou a problemática ao Ministerio "que non cambiou o código do Módulo de Inglés profesional, independentemente de se se trataba do de 160 horas ou do de 60". Ao seu ver, non hai ningún problema en avaliar estes tres módulos coa mesma cualificación porque se impartiron 160 horas este curso e os tres módulos suman 150 horas. Se suspende, o alumnado terá que recuperar os 3. O vindeiro curso nestes ciclos ofertaranse os tres módulos por separado en primeiro pero o de Afondamento poderá ser ou non Inglés.

Por parte da CIG-Ensino reitaramos a disposición a negociar para darlle unha volta á optatividade de cara ao Decreto galego de FP, porque aínda hai marxe para repensala e que, cando menos, o módulo de **Afondamento nas competencias profesionais** dispoña de currículos planificados e consensuados nos centros educativos sen improvisar o vindeiro curso. Como se vai facer? A través de que aplicación informática? O profesorado de cada ciclo vai ter que deseñar currículos unha vez rematadas as clases. Se todo isto o fai o propio persoal docente, que estivo facendo a Consellaría ao longo de todo o curso?

Confirman que será cada centro o que defina ese módulo optativo e que haberá unha plantilla para elaborar o currículo.

A CIG-Ensino solicitou que, unha vez definido o seu contido, debe quedar claro tamén quen vai ter atribución docente preferente neste módulo para evitar discrepancias entre as especialidades.

Punto décimo segundo. Módulos de Proxecto.

Outro motivo de preocupación que nos trasladan desde os centros é a xestión dos Módulos de Proxecto. Se a optatividade como estaba plantexada na normativa estatal viña paliar a desfeita desta nova ordenación da FP, a extensión deste módulo que existía só nos CS aos CM e aos CB é un desacerto en toda regra, a vulgar pola experiencia que ten o persoal docente e polo pouco que achega ao conxunto de competencias adquiridas no ciclo. Na dinámica habitual dos ciclos e dos centros é moi común realizar prácticas intermodulares e interciclos (burocratizadas até o extremo como todo na FP pero cun grande aproveitamento académico e curricular por parte do alumnado). Pois ben, non ten sentido engadir un proxecto intermodular de carácter máis teórico (cun currículo moi enfocado aos CAs de IPE). Aínda que vén así establecido pola lexislación estatal, a Consellaría debe favorecer que se desburocratice e que se permitan proxectos realmente prácticos desenvolvidos ao longo do curso e avaliábeis sen tanta cerimonia como no actual módulo de CS. Porén, é tal sensentido que por un lado quereselle dar moita importancia e, por outro, **non se incorpora no horario lectivo** (as 25 sesións en GB e as 50 de GM e GS) **nin do profesorado nin do alumnado.**

Desde a CIG-Ensino reclamamos dedicación horaria semanal a estas titorías por parte do equipo de profesorado implicado, dado que non pode recaer só na persoa que ostente a titoría de segundo.

Se se aceptan proxectos como os das prácticas intermodulares ou interciclos debería facilitarse ao máximo a súa avaliación. No caso de que os proxectos teñan que ser realizados de forma máis individual, o máis operativo é que coincidan temporalmente coa estadía na empresa do alumnado, como se explicita que se fará na oferta modular. Para evitar interpretacións, esta cuestión debe quedar reflectida por escrito nestas instrucións.

Sinalan que o que está estipulado é que os centros poidan indicar a partir de que data se comeza con este módulo e que non hai nada que impida que se faga en todos os ciclos coincidindo coa estadía do alumnado nas empresas. Se é así, entenden que o profesorado xa ten horas vacantes suficientes para dedicarse á titorización. Non indican a posibilidade de incorporar liberación horaria para esta tarefa se finalmente se traballa nel durante o curso. Concretan que se avaliará na avaliación final, despois de que o alumnado volva da empresa.

Décimo terceiro. Formación en PRL nos graos D.

Explicitar que serán as direccións dos centros públicos as que emitan os certificados de nivel básico de PRL cursados polo alumnado dos centros privados e obviar outras cuestións nestas instrucións é bastante humillante para o profesorado e as direccións do sistema público que teñen que asumir máis burocracia e aínda por riba da rede privada.

Décimo cuarto. Formación na empresa no réxime xeral.

Esta parte require de moita máis concreción. O horario de 400 horas en segundo de FP Básica e 500 en Ciclos Medios e Superiores é obrigatorio e o tempo de formación que se poida realizar na empresa en primeiro contabilízanse a maiores.

Nas instrucións introdúcese que, ademais de ser maior de 16 anos e ter o certificado de PRL, o alumnado terá que ter aprobados módulos que supoñan o 50% do horario semanal na segunda avaliación parcial para poder ir á empresa. Excepcionalmente poderán ir con menor proporción de avaliación positiva a criterio do equipo docente.

A CIG-Ensino amosou a súa conformidade con que se introducise este requisito e inqueriu polo que ía pasar na oferta modular.

A Consellaría responde que terán que ter superados

máis da metade dos módulos para facer esta formación. Isto tamén será de aplicación ás formacións aceleradas que se van poñer en marcha o vindeiro curso.

A CIG-Ensino pediu concreción sobre as "*medidas de organización precisas*", contempladas no apartado 3 d), que se teñen que establecer para aquel alumnado que non vaia á empresa por non ter superada esa porcentaxe de módulos.

Os responsábeis da Consellaría explicaron que se levarán a cabo as actividades de recuperación estipuladas na programación didáctica como se viña facendo até agora.

Segundo cálculos da CIG-Ensino, de acordo co calendario escolar previsto para o vindeiro curso, **a formación en empresa debe comezar no caso de CM e CS o 9 de marzo como moi tarde** (en total son 62,5 días e a avaliación é o 15 e 16 de xuño), mentres que na FP básica sería a comezos de abril (50 días).

Todos os módulos son susceptibles de dualizarse agás na FP básica.

Preguntamos se o punto 4, no que se di que no caso dos CM e CS todos os módulos son susceptibles de incorporar formación na empresa, mentres que nos de grao básico só os do ámbito profesional, cumpre o RD 659/2023 nos seus artigos 106, 107 e 159 que se refiren á porcentaxe que debe cumprirse en todos os casos de RAs dos **módulos profesionais**. É certo que neste último artigo especifica que nos de grao básico só serán susceptibles de dualizarse os profesionais pero non que no resto poidan ser todos. **Neste sentido, o profesorado de FOL que ve como se reduce a carga horaria de IPE II para incluír os novos módulos oponse totalmente a esta decisión, e con razón.** Para empezar vai supor un empeoramento das súas condicións laborais. Pasarán a ter moitos máis grupos, máis de 10, co que iso supón de incremento de carga de traballo. Pero tamén implicará un empeoramento da calidade formativa porque a práctica totalidade dos RAs de IPE II non é posible adquirilos na empresa, polo que o alumnado quedará sen ver contido que, por certo, á Xunta lle interesa especialmente como todo o relativo ao emprendemento, á innovación... Outro, como o relativo á normativa e dereitos laborais tamén quedaría fóra.

A Consellaría defende que tiveron que tomar esta decisión porque senón habería que recurtarlle máis

horario aos outros módulos e que o profesorado poderá establecer nas programacións que RAs ou parte deles poden adquirirse na empresa. De todas maneiras deixa aberta a posibilidade a que cada centro decida se dualizalos todos ou non.

Para a CIG-Ensino esta estratexia busca dividir o profesorado. Ademais o máis probábel é que do módulo de **Habilidades comunicativas en lingua estranxeira** é que non se vexa nada na empresa e ao mellor tampouco de **Afondamento nas competencias profesionais** ou de **Dixitalización aplicada ao sector produtivo**. En calquera caso, **o profesorado de FOL sae moi prexudicado con estes cambios normativos porque, ademais no caso da oferta modular, a redución de carga horaria dos módulos do segundo curso será maior. Para equiparar co que acontece en ordinario será preciso reservar o 48% do tempo global á formación na empresa e manter só o 52% no centro. Así, IPE II só tería unha hora semanal froito destes cálculos: 50 sesións x 0,52 = 26 sesións no centro.**

Atribución horaria para a titoría dual

- Quen se vai encargar da busca e selección das empresas? Que dispoñibilidade horaria vai ter para esa tarefa? E do seguimento posterior? Pedimos que nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de FP do vindeiro curso se manteña o apartado Titoría de Ciclos que aparecía nas do curso actual e que pode dar resposta a esta demanda.

- 1.- Cada grupo de alumnos e alumnas dun ciclo formativo terá un profesor ou unha profesora que desempeñe a titoría, que pertencerá ao equipo que imparta docencia en cada curso académico.
- 2.- A redución horaria para as persoas responsables da titoría de ciclos formativos, establecida no artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997, poderá ser de ata tres horas semanais.
- 3.- No caso da oferta modular, entenderase que o alumnado matriculado en módulos do mesmo ciclo formativo constitúe un único grupo. A redución horaria para as persoas responsables da titoría deste será de ata tres horas semanais.

Na súa resposta a directora xeral insistiu en que en todos os centros hai xa un banco de empresas do que tirar, que están as persoas de dinamización dual buscando empresas constantemente e que a persoa coordinadora da FCT xa se encargaba da sinatura dos convenios. Ademais, entende que o seguimento se pode facer perfectamente nas horas vacantes mentres o alumnado estea na empresa.

Para a CIG-Ensino esta resposta é totalmente insuficiente e esixe que se determine unha dedicación de até 3 horas semanais a este labor, dependendo do número de alumnado que ten que atender a persoa titora dual do centro. E o mesmo para quen exerce esta función en primeiro naqueles centros nos que o alumnado faga formación na empresa. Ademais, pide que se especifiquen de acordo ao que recolle o RD 659/2023 as funcións que deberá ter a titoría dual de empresa e a de centro.

A administración responde que están preparando unhas guías para as empresas e para os centros, outra especial sobre as casuísticas que se poden presentar con alumnado que compatibilice estudos con traballo na formación modular e que o ano que vén darán formación a titores e titoras de empresa.

Décimo quinto. Aprazamento da fase de formación na empresa.

Hai unha novidade incorporada nas Instrucións a respecto de quen precise solicitar o aprazamento das prácticas por cuestións de saúde, permisos de maternidade ou paternidade, persoas que por traballo non poden realizar a formación... Serán avaliadas até a segunda avaliación parcial e despois terán de nota PF (Pendente de Formación) A CIG-Ensino instou á Consellaría a que dea resposta a outras casuísticas que están a acontecer con alumnado migrante non regularizado, persoas con incapacidade permanente revisábel... que non poden ser dadas de alta na SS.

A directora xeral comentou que están á espera do que determine o Ministerio.

Décimo noveno. Avaliación.

Na avaliación final decidírase se se avalían positivamente os módulos suspensos en función do período de formación en empresa, pero nas instrucións non se contempla que haxa recuperacións deses módulos suspensos.

A administración responde que no seguimento da formación na empresa xa se pode ir determinando se o alumno ou alumna está adquirindo as habilidades e competencias necesarias e que se pode establecer na programación algún tipo de proba para testar se se acadan os mínimos esixíbeis, que se realizaría ao rematar este período. Tamén contesta que o alumnado que consiga recuperar os módulos suspensos e acade o 50% necesario levará de nota PF na avaliación final xunto

con cualificacións superiores ao 5 nos módulos profesionais e realizará a formación o curso seguinte

Vixésimo primeiro. Alumnado repetidor de segundo curso de oferta ordinaria.

Este apartado está pensado só para quen cursou en 2024-25 segundo curso e teña pendente superar algún módulo ou ámbito.

A Consellaría di que non pode dar resposta a outras casuísticas, por exemplo, quen retome os estudos despois de máis anos, porque o Ministerio non publicou cando vai deixar de expedir títulos polo sistema antigo.

Vixésimo segundo. Validacións.

Para o sindicato nacionalista non é de recibo homoxeneizar para a convalidación dos módulos profesionais de inglés as titulacións de Filoloxía ou de EOI coa mesma validez que as titulacións de B2 ou C1 de entidades certificadoras privadas.

Sobre este tema, así como arredor das validacións dos módulos de Sostibilidade e Dixitalización responden que é normativa estatal.

Vixésimo cuarto. Cursos de especialización.

Calquera Curso de Especialización será susceptible de dualizarse, incluso aqueles que non teñan incorporado no seu currículo que unha porcentaxe da súa duración se deba realizar na empresa ou organismo equipado.

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
09:00-10:00					
10:00-11:00					
11:00-12:00					
12:30-13:30					
13:30-14:30					
14:30-15:30					
15:30-16:00					
16:00-17:00					

Vixésimo quinto. Profesorado.

Un dos apartados máis relevantes fica tamén reducido a obviedades, sen concretar o que máis preocupa: os cambios das condicións laborais que se avexían.

No punto 1. Como se vai vixiar que se cumpran os requisitos de titulación e de formación para impartir docencia nos centros privados ou dependentes doutra administración como AGACAL?

O punto 3 pode eliminarse a xuízo da CIG-Ensino porque apenas hai FP Básica na privada nin a vai haber, xa que non é rendíbel.

Para impartir o módulo **Habilidades comunicativas en lingua estranxeira** a atribución docente será a dunha persoa especialista nesa lingua estranxeira do corpo de PES ou ben profesorado con atribución docente no ciclo que posúa o nivel C1.

A directora xeral explica que non hai prioridade entre quen ten preferencia para impartilo.

Isto contrasta co que acontece no módulo Inglés profesional de primeiro curso para o que ten atribución docente preferente o profesorado de Secundaria de Inglés e como afín poderá impartilo profesorado con atribución docente no ciclo con C1, ou excepcionalmente, B2.

Por último o módulo de Afondamento poderá ser impartido por profesorado con atribución docente nas ensinanzas de FP, en función das competencias abordadas.

A CIG-Ensino bota en falta que non haxa nin unha soa referencia ás facilidades que se lle deberan dar ao persoal docente desde a administración para formarse tanto a nivel dos cambios lexislativos que se van implantar como na impartición dos novos módulos en clave galega e adaptados a cada sector ao profesorado, así como na actualización sectorial.

Anexos

Nos Anexos poden consultarse os currículos de todos os módulos. No caso do de Proxecto intermodular aparece só o de Grao Medio porque o de Grao Superior mantense o actual.

Acordos específicos e Plan formativo.

A CIG-Ensino esixiu que tanto os acordos específicos asinados entre centros e empresas, así como o Plan de formación teñen que axustarse ao RD estatal e incorporar, no primeiro caso, o seguinte:

- *"os criterios obxectivos para adxudicación de estadias na empresa ao alumnado, entre os que constarán o rendemento, a asistencia ás actividades lectivas no centro de formación profesional, así como as competencias persoais. (Aproveitamos para pedir que sexa o equipo docente e non as empresas quen seleccione e asigne o alumnado na Dual intensiva)*
- *as circunstancias de rescisión do acordo.*
- *segundo o caso e réxime, a compensación económica ou condicións do contrato de formación, así como condicións respecto á alta na Seguridade Social que implica a estadia, sen prexuízo do establecido na normativa laboral.*
- *os anexos que recollan a identificación das persoas en formación, o plan de formación co calendario, xornada e horario na empresa...*
- *compromiso de transparencia da empresa coa representación sindical, segundo corresponda, que comunique á mesma o plan de formación das persoas en formación e garanta que o alumnado no substitúe postos de traballo.*

A preguntas da CIG-Ensino a Consellaría indicou que están barallando deixar de enviar desde a Inspección Educativa á Inspección de Traballo os acordos específicos *"porque agora o alumnado xa está dado de alta na SS"*. A CIG aproveitou para indicar que precisamente ante a Inspección de traballo era ante a que había que denunciar os abusos que algunhas empresas estaban a cometer contra o alumnado.

No apartado do Plan formativo avogou porque se tome como referencia o Anexo XVII do RD 659/2023 e pediu que se retirara ou matizara, aínda que sexa normativa estatal, que o alumnado *"pode participar en complementos formativos específicos e non obrigatorios fóra do horario xeral da oferta formativa e independentes da titulación"*.

Tamén falta incluír o que se recollía no RD a respecto das *"medidas, apoios e adaptacións necesarias, no seu caso, para persoas con necesidades específicas de apoio para o desenvolvemento deste período formativo"*.

RECTIFICAR RECUPERAR RECOÑECER

A CONSELLARÍA
DEBE
RECTIFICAR

O PROFESORADO
MERECE
RECUPERAR

A CONSELLERÍA
DEBE
RECOÑECER

Profesorado
en loita



25 de xuño | 12.00 h
Concentración diante da Consellaría



Confederación Intersindical Galega

ENSINO